



INVITACIÓN PÚBLICA

A APDR ORGANIZA UN DEBATE PÚBLICO SOBRE A PROBLEMÁTICA MEDIOAMBIENTAL DOS RECHEOS NA RÍA.

Continuando co CICLO DE CONFERENCIAS organizado pola Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) que se iniciou o pasado martes 29 de setembro coa conferencia sobre Residuos Sólidos Urbanos impartida polo biólogo Tino Quintela, membro da comisión de RSU da Federación Ecoloxista Galega (FEG), o vindeiro XOVES 8 DE OUTUBRO a partires das 20:00 no TEATRO PRINCIPAL terá lugar unha nova Conferencia-Debate.

Nesta ocasión o tema elixido é **OS RECHEOS NA RÍA DE PONTEVEDRA**, e no debate participarán os seguintes conferenciantes:

- **Miguel Pazos**, patrón maior da Confraría de pescadores da Ría de Pontevedra, que abordará a problemática dos RECHEOS NO PORTO DE MARÍN E A SÚA REPERCUSIÓN NA PESCA E NO MARISQUEO.
- **Antón Pousada**, membro do Colectivo Cultural RONSEL, que presentará o documental A PRAIA DE AGUETE: A ESTABILIDADE DESEQUILIBRADA.
- **Lukas Santiago**, arqueólogo, realizador e vogal da Xunta Directiva da APDR, que vai presentar o seu curto **O AVOIÑO**. LOURIZÁN PARRÓQUIA MÁRTIR: CRÓNICA DUN PARAÍSO PERDIDO.

A continuada realización de recheos na nosa Ría é un tema de preocupación permanente na APDR, que ten presentado diversas denuncias sobre o particular e expresado en multitude de ocasións a necesidade de impedir estas prácticas que inciden de forma moi negativa sobre a pesca de baixura e o marisqueo pero tamén sobre a dinámica das correntes e, xa que logo, sobre os areais costeiros.

Desde a APDR facemos un chamamento a todos os nosos socios e socias pero tamén a todas aquelas persoas preocupadas pola defensa do noso medio ambiente e os recursos naturais para que asistan ao debate e aporten as súas experiencias persoais ao respecto.

Pola Xunta Directiva da APDR,

asinado, Antón Masa